

A C T A 2/2020
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 26 DE FEBREIRO DE 2020 -

Na Casa do Concello, a vinte e seis de febreiro de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asisten, previa escusa:

D.^a María Josefa Argibay da Silva e D.^a Carmen Diéguez González

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 29.01.2020**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 55/2020 á 182/2020)**
- 3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 4º TRIMESTRE 2019.**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DA DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NA GRELA-LAMPAI**
- 5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO 8 DE MARZO**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SONdeTEO E PSeG-PSOE SOBRE O APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS EN TORNO AO 8 DE MARZO**
- 7.- MOCIÓNS**
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto. O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do PSdeG-PSOE, D.^a María Josefa Argibay da Silva , e da concelleira do BNG, D.^a Carmen Diéguez González, aclarando que non puideron asistir ao Pleno por diferentes razóns, pasándose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 29.01.2020.

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres./as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de xaneiro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (DA 55/2020 á 182/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 24 de xaneiro ata o 20 de febreiro de 2020, que comprenden os números 55 ao 182, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 4º TRIMESTRE 2019.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesouraría e Intervención, de 3 de febreiro de 2020, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do 4º trimestre de 2019, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DA DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NA GRELA-LAMPAI.

O sr. alcalde da conta da proposta de 14 de febreiro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 20 de febreiro de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Tramitado o expediente de desafectación de camiño público na Grela-Lampai, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- *Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesaba a parcela 62 da concentración*

Á vista de que na tramitación posterior do expediente se detectou un erro material, consistente na numeración da finca que é atravesada polo camiño que se pretende desafectar, sendo a parcela a número 162 da concentración parcelaria de Lampai, e non a número 62 como se menciona no expediente.

En virtude do exposto e segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material detectado no expediente de desafectación dun camiño público na Grela-Lampai, quedando o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 26 de xaneiro de 2020, redactado segundo se detalla a continuación:


*“**Primeiro.**-Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesa a parcela 162 da concentración parcelaria, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 162 no seu extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m², segundo o detalle que se grafía de seguido, alterando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público pasando a ser ben patrimonial.*

***Segundo.**- Recepcionar o camiño en cuestión, incorporándoo ao patrimonio municipal, levantando acta de recepción formal do ben inmovible desafectado, de conformidade co artigo 8.3 RBEL.*

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material detectado no expediente de desafectación dun camiño público na Grela-Lampai, quedando o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 26 de xaneiro de 2020, redactado segundo se detalla a continuación:

“Primeiro.- Aprobar definitivamente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria da Lampai, que atravesa a parcela 162 da concentración parcelaria, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 162 no seu extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m², segundo o detalle que se grafía de seguido, alterando a súa cualificación xurídica de ben de dominio público pasando a ser ben patrimonial.

Segundo.- Recepcionar o camiño en cuestión, incorporándoo ao patrimonio municipal, levantando acta de recepción formal do ben inmovible desafectado, de conformidade co artigo 8.3 RBEL.



Terceiro.- Iniciar os trámites previos ao expediente de permuta do camiño desafectado polo ben inmovible propiedade de D. Julio Rodríguez Bustelo, que será tramitado polo órgano competente.

Cuarto.- *Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.*

Quinto.- *Facultar ao alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios para a execución do acordado”.*

SEGUNDO.- **Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.**

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO 8 DE MARZO.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 14 de febreiro de 2020 (rex. entrada nº 988, de 14/02/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 20 de febreiro de 2020.

“O GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno, relativa ao 8 de marzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente, como xa fixo nos anos 2018 e 2019 cunha folga histórica.

Baixo o lema “Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado” están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do 8 de marzo.

Con esta resposta e con esta campaña, o feminismo galego autoorganizado sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en

moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.

Hoxe no noso país temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros entre homes e mulleres, que se dá tamén nas pensións de xubilación en máis de 400 euros. Así mesmo, sabemos que os coidados de maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito quen máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos.

Así mesmo, as galegas sufriron o deterioro dos servizos públicos básicos durante a recesión económica e as medidas tomadas polo Partido Popular. Tamén hai que ter en conta as repercusións para Galiza dun sistema de financiamento insuficiente tanto para a Xunta de Galiza como para os concellos, que son claramente discriminados e ao que se engaden as imposicións de déficit e restrición de gasto. Todo isto, xunto con decisións e recortes que se aplicaron desde as administracións galega e estatal, teñen derivado no infrafinanciamento de moitos servizos públicos. Esta situación tradúcese moitas veces na precarización destes servizos e das persoas que traballan neles, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico. Tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo ilegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.

É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa achega non remunerada que lle regala a vixencia do sistema patriarcal. Cómpre lembrar, por exemplo, que o valor xerado polas actividades no ámbito doméstico representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e

social a contribución do traballo invisible dos coidados como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.

Por estes motivos, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. *Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.*

2. *Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:*

2.1. *Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.*

2.2. *Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.*

2.3. *Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.*

3. *Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a*

Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras”.

Sinala o sr. Fernández que no contexto desta moción tamén procede mencionar ás traballadores das escolas infantís do Concello, e ás queixas destas en relación co que elas pensan que é discriminatorio, porque non se lles permite conciliar.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

O portavoz do PP, sr. Guerra, quen non fai uso da súa quenda de intervención.

A portavoz de Son de Teo, sra. Otero, anuncia o apoio do seu grupo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1.- Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Produción

Doméstica.

2.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.

2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras.

6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SONdeTEO E PSeG-PSOE SOBRE O APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS EN TORNO AO 8 DE MARZO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, D.^a Iria Otero Romero.

A sra. Otero da conta da moción conxunta de Son de Teo e PSdeG-PSOE, de 14 de febreiro de 2020 (rex. entrada nº 9009, de 14/02/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 20 de febreiro de 2020.

*“MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SONdeTEO e PSdG-PSOE SOBRE O APOIO AS
MOBILIZACIÓNS EN TORNO AO 8 DE MARZO*

Exposición de motivos

O 8 de marzo, ten a súa orixe na reivindicación dos dereitos laborais femininos no ano 1908, que rematou co asasinato de 146 traballadoras do téxtil por pedir salarios dignos. Esa data convertiuse no Día Internacional das Mulleres para denunciar a situación de desigualdade das mulleres na sociedade e instar á sociedade e traballar por acadar a igualdade real.

As desigualdades no funcionamento do sistema social, económico, laboral e político que padecemos as mulleres son a causa das violencias que sufrimos.

Lonxe deste obxectivo, de querer acadar a igualdade real e erradicación das violencias contra as mulleres, está a supresión de políticas garantistas para as mulleres en aras da eficiencia económica ou o cuestionamento dos dereitos reprodutivos das mulleres.

Os intentos de dar pasos atrás collen dimensión real co intento de peche do paridoiro de Verín, non so se trata dun intento de desmantelamento do sistema sanitario público, tamén é un atentado contra os dereitos das mulleres.

Este retroceso político na defensa do territorio gañado para a igualdade non se pode concibir en pleno ano 2020.

Ante isto, preséntase un escenario de resistencia para non perder o ganado e continuar para acabar coa discriminación entre mulleres e homes. A necesidade de mobilizarse polo 8 M é real.

O ano pasado a folga feminista tivo unha repercusión e un seguimento masivo na sociedade galega e de todo o Estado. Sen embargo, este ano, ao decidirse como eixo principal de reivindicación os coidados, a maioría dos países decidiron convocar mobilizacións e non empregar a ferramenta de folga porque esta pode dificultar a visibilización da importancia dos coidados.

Por todo elo propoñemos ao Pleno os seguintes ACORDOS:

- 1.- Apoiar as mobilizacións e accións que convoca o movemento feminista para este 8 de marzo.*
- 2.- O Concello comprométese a visibilizar esta data cun acto institucional e facilitando os medios de difusión dispoñibles para dar a coñecer os principais actos da xornada en torno ao 8 de marzo.*
- 3.- Colocar a bandeira feminista na casa do concello de Teo, e unha pancarta no balcón do Concello, como apoio as demandas das organización de mulleres”.*

Preguntado polo sr. alcalde os/as concelleiros/as dos diferente grupos non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1.- Apoiar as mobilizacións e accións que convoca o movemento feminista para este 8 de marzo.

2.- O Concello comprométese a visibilizar esta data cun acto institucional e facilitando os medios de difusión dispoñibles para dar a coñecer os principais actos da xornada en torno ao 8 de marzo.

3.- Colocar a bandeira feminista na casa do concello de Teo, e unha pancarta no balcón do Concello, como apoio as demandas das organización de mulleres.

7.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia.

Intervén a concelleira do PP, sra. Nariño, e sinala que o seu grupo ten dúas mocións.

As mocións, do 26 de febreiro, refírense ao 8 de marzo e á defensa das reclamacións veciñais respecto da adopción urxente de medidas de seguridade cidadá no Concello de Teo.

O sr. alcalde sinala que, tratándose da moción de seguridade veciñal, case é mellor que a secretaria explique cal é a situación porque é reincidente respecto doutra situación que se produciu.

Interveño eu, secretaria da Corporación, para sinalar que, tal e como xa se puxo de manifesto noutras ocasións, é importante que cando se propón un acordo, sexa o que sexa, os/as concelleiros/as saiban cal é o contido do acordo que se propón. Neste caso o acordo proposto refírese a “*apoiar as demandas en materia de seguridade da veciñanza teense das zonas afectadas polos roubos en vivendas...*” sen que se concrete cales son esas medidas.

A concelleira do PP, sra. Nariño, sinala que lle darán unha volta e plantexaran a moción para o vindeiro Pleno.

A continuación procédese a tratar a moción relativa ao 8 de marzo.

Sinala o sr. alcalde que, dando por feito que neste caso a urxencia está relacionada coa data do 8 de marzo, vaise proceder a votar a urxencia da moción.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do PP con motivo do 8 de marzo.

Intervén a sra. Vázquez, e sinala que neste tema sería bo que en anos sucesivos se sentaron todos os grupos porque é un tema no que quizais se pode sacar algún tipo de moción conxunta.

A sra. Vázquez da conta da moción do seu grupo de 27 de febreiro de 2020 que se recolle a continuación.

**“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR
CON MOTIVO DO 8 DE MARZO**

*O Grupo Municipal Popular no concello de Teo con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable impulsa o compromiso da comunidade internacional a través do Obxectivo 5 para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todas mulleres e nenas.

A igualdade entre os xéneros non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sustentable.

A nosa sociedade segue tendo que facer fronte a retos fundamentais para alcanzar a igualdade real e efectiva. No noso país, a pesar da igualdade recoñecida na Constitución e no noso ordenamento xurídico, e dos significativos progresos feitos nos últimos anos, a desigualdade entre mulleres e homes persiste.

Dúas das metas que se recollen no Obxectivo 5 da Axenda 2030 son:

. POLITICAS E LEIS PARA A IGUALDADE E O EMPODERAMENTO:

Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas mulleres e as nenas a todos os niveis.

. USO DE TECNOLOXIA E ACCESO A TECNOLOXIAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN: Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento da muller.

Algúns dos datos a nivel estatal.

- . O 58% do paro rexistrado en España corresponde ás mulleres;*
- . A diferenza salarial media entre home e mulleres en España é de 5.941€;*
- . En España, o 75% das persoas con traballo a tempo parcial son mulleres;*
- . As mulleres en España destinan máis do dobre do tempo que os homes a tarefas vinculadas co fogar e a familia;*
- . Tan só un 28% das mulleres españolas realizan unha carreira tecnolóxica e un 7% enxeñerías.*

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Teo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar ao Goberno do Estado a:

- . Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.*
- . Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.*
- . Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.*
- . Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos. impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM*
- . Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.*

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

- . Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc...).*
- . Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas) entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.*
- . Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.*

3. Instar ao concello de Teo a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos, como por exemplo, na ciencia e na tecnoloxía.

En Teo, a 26 de febreiro de 2020”

O sr. alcalde sinala que sería conveniente matizar na proposta de acordo que, ao igual que nos puntos 1 e 2 se fai referencia a instar ao goberno do Estado e da Xunta de Galicia, no punto 3 tamén se debería referir a instar ao goberno do Concello de Teo.

Os/as concelleiros/as amosan a súa conformidade ao efecto.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que, antes de entrar na moción, quería sinalar que non sabe o porque da abstención do PP nas dúas mocións anteriores. Sinala que se lee a moción presentada polo PP, non ten problema pero descoñece as razóns da abstención dese grupo, nomeadamente na do BNG, que foi a que el defendeu.

Sinala o sr. Fernández que non sabe se o PP ten algo en contra do lema “sen coidados non hai vida, mudando o sistema, derrubando o patriarcado” ou se teñen algún problema con que se sitúen os coidados no centro do debate ou se teñen algo en contra da fenda salarial ou se non a recoñecen, de máis de 4000 euros no salarios, e de en torno a 400 euros nas pensións, ou se discrepan con que o traballo doméstico das mulleres representaría case un 51% do PIB galego, ou se teñen algo en contra de recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado neste 2020 en relación cos coidados no fogar.

Sinala o sr. Fernández que non sabe se os/as concelleiros/as do PP teñen algo en contra o algo que dicir con respecto a dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza, ou se teñen algún reparo de

facer un estudo coa universidade do reparto do tempo nos fogares galegos, ou se será tamén por iniciar a elaboración dun plan de dignificación e visibilización dos coidados, é dicir, do traballo da muller no fogar.

Di o sr. Fernández que non sabe se teñen algo que dicir ou algún reparo á demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á dependencia para garantir a súa prestación universal, ou se teñen algo que dicir, que pode ser iso, dos moitos recortes no servizos públicos aplicados polo Partido Popular e que redundan en que sexa a muller a que teña que facerse cargo deses coidados no fogar

Remata o sr. Fernández reiterando que lle gustaría saber antes de nada cales son os reparos do PP en relación cas mocións anteriores e nomeadamente a do BNG.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que o bo de internet é que se pode mirar de onde se sacan estes datos a nivel estatal, e casualmente é da páxina do goberno de España sobre a axenda 2030.

Sinala que é unha pena que nas mocións de urxencia non se poidan facer emendas, porque meten cinco datos e, casualidades, entende que por cousas do corte e pega, esquecen o dato relativo a que dende o 2003, que se computan os asasinatos por violencia de xénero, 973 mulleres foron asasinadas en España polas súa parellas ou exparellas. Opina a sra. Lemus que resulta curioso que se collan todos os datos así, porén os datos da violencia de xénero parece que non deben interesar ao PP.

A sra. Lemus reitera que lle molesta que non meteran ese dato, porque é casualidade que collan todos os demais e ese non, como se non existira un problema ultimamente coa violencia xénero.

Di a sra. Lemus que lle chama a atención esta moción, engadindo que polo parte que lles toca de goberno procurarán para próximos anos intentar chegar a acordos conxuntos. Sinala que se ten falado con outras mocións e con outras proposta, e así

coas proposta que se levan a comisión, incluso con negociación, chegouse a unha moción conxunta, como aconteceu nalgún caso.

Sinala que discrepa co portavoz do BNG e non sinte non ter unha moción conxunta, aínda que si que sinte as formas. Considera que cada un é dono das súas palabra e chama a atención que parece como se fora un demérito de todas as forzas políticas, que cada unha presenta a súa moción, incluso, tendo en conta que o 8 de marzo non é unha data nova, non sendo polo tanto necesario chegar a este punto da urxencia.

Di a sra. Lemus que en todo caso estaría encantada de saber as razóns da abstención do PP nas dúas mocións anteriores, sobre todo porque non lle atopa ningunha discrepancia maior coa proposta do PP.

Considera a sra. Lemus que cando un se abstén ou vota en contra é por algunha circunstancia e deberá existir algún argumentario e agradecería que o PP o amosara agora.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. Otero, quen reitera que se non houbo negociación ou unha achega conxunta é porque sempre se absteñen en determinado tipo de mocións, polo que a valoración é a de presentar unha moción e se non se da o apoio entenden que existe algunha razón para non apoiala.

Salienta que tamén existen matices políticos que tampouco permiten chegar, negociando, a un moción conxunta, e tamén teñen que defender determinadas cuestións que quizais doutro xeito non se podería.

Intervén a concelleira do PP, sra. Vázquez, quen sinala que non votaron en contra da moción do BNG, senón que se abstiveron, e están no seu dereito. Entende que existen determinadas desigualdades de ideoloxías que posiblemente non van a concordar.

Sinala que a moción do seu grupo vai un pouco na liña *light*, sen querer atacar, tocando a todas a Administracións, sexan da cor que sexan.

Salienta a sra. Vázquez que non van a estar nunca en contra de políticas que poidan mellorar a igualdade entre homes e mulleres, engadindo que sinte que o dato que sinala a sra. Lemus non estea, estando esta concelleira no seu dereito de reclamálo.

Sinala que á sra. Lemus quizais non lle gustaron as formas de que se trouxera por urxencia, porén as formas nas que dixo o dato tamén foron a tirar, estando no seu dereito, formando parte do xogo político.

Salienta a sra. Vázquez que queren deixar claro que o PP en todo momento se opón á violencia de xénero e a acusación foi un pouco a deixar caer. Sinala que se os demais grupos non queren apoiar a moción do PP, que non a apoien ou se absteñan, non existindo máis razóns.

Explica a sra. Vázquez que traen a moción porque creen que tocan puntos que poden ser interesantes para todos e para a igualdade de xénero, dado o día que é.

Sinala que posiblemente poderían ter apoiado a moción do equipo de goberno, porén quizás tamén hai algún punto no que non están de acordo, como é o da colocación das bandeiras, ao existir unha liña dubidosa de se se poden colocar ou no, porén en contra tampouco van a ir porque hai cousas que hai que apoiar. Salienta a sra. Vázquez que é un día de reivindicacións e coa súa moción o que tratan é que dende Teo se poida instar a outras Administracións para seguir avanzando na mellora da igualdade de xénero e na defensa da muller, xa que todos creen que segue existindo unha brecha.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que a do 8 de marzo ou o 10 de marzo, ou outras moitas datas que hai no calendario, se están convertendo en rituais e non debe ser iso senón que debe ser algo máis, e para o BNG o é. Sinala que por iso a moción do BNG colle os argumentos das feministas galegas, e se pon no centro do debate o que elas consideran que este ano debe estar no centro do debate, como son os coidados e o traballo doméstico, porque se trata de algo que hai que recoñecer, e non so o 8 de marzo, senón recoñecelo na

práctica, tomando medidas como as que se recollen no acordo da moción, que son todas elas factibles e se poden levar adiante, tendo incluso algunha delas normativa aprobada, que non é do BNG.

Sinala o sr. Fernández que cando se fala de mocións conxuntas, o que lle parece, polo menos por respecto á xente que lles vota, é que hai que evitar entrar e caer en farsas. Sinala que cando se chega a mocións conxuntas moitas veces o que se fai é poñer un punto ou dous, os típicos, unha cousa simple que a todos lles pareza ben, porén cada un ten que deixar a un lado todo aquilo que defende cando se presenta a unhas eleccións ou cando se fai política en Teo ou en calquera das institucións nas que estean representados e nos gobernos nos que teñan responsabilidade.

Explica que con estas mocións se reflicte unha realidade é que segue existindo unha situación de desigualdade. Sinala que cando se fai referencia ao xogo político, non se trata de que un di que si e outro di que non e, en todo caso, se se lle quere chamar así pode ser que uns poidan dicir que si e outros que non, porén detrás debe existir un argumento, por iso dicía que descoñece o argumento para a abstención da moción do PP. Reitera que el está intentando argumentar, pero non escoitou os argumentos do Partido Popular que lles levan a absterse na moción do BNG.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

A concelleira de Son de Teo, sra. Otero, anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que aproveita para dicir, en relación ao punto 3, que xa é un traballo que ven de anos atrás, de ter unha exposición dos premios Maria Josefa Wonenburger, que se vai a repetir este ano, durante os meses de marzo e abril, na piscina municipal.

Explica que tamén dentro dos actos do 8 de marzo, o día anterior, o 7 de marzo, vai a ser a presentación dun proxecto que se viu levando a cabo tempo atrás, que foi a recollida de fotografías de mulleres de Teo na súa faceta laboral. Explica que se intentou recoller unha pequena mostra, esperando que ese traballo se poida seguir profundizando.

Sinala a sra. Otero que haberá unha mesa redonda, con algunhas mulleres, e que o exemplo foi collido dos homenaxes que se fixeron ás costureiras e ás leiteiras do Concello, e nesa liña van a ser os actos deste ano.

O sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación a moción do PP, tendo en conta que no punto 3 vai esa referencia a “instar ao goberno do Concello de Teo”, en vez de “instar ao Concello de Teo”, para aclarar a situación.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 1 BNG), acorda:

1. Instar ao Goberno do Estado a:

- . Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.
- . Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.
- . Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
- . Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos. impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM
- . Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

- . Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico,cultural, deportivo, etc...).

. Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas) entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.

. Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.

3. Instar ao goberno do Concello de Teo a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos, como por exemplo, na ciencia e na tecnoloxía.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O concelleiro do BNG, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Sinala o sr. Fernández que na praza fronte ao supermercado Día, en Montouto, din que non teñen iluminación suficiente, engadindo que cree que hai algunha reclamación veciñal e que parece que hai unha rúa que se estaba negociando para recepciónar o Concello. Pregunta o sr. Fernández se existe algunha reclamación por iluminación insuficiente, e se se fixo algo.

A sra. Lemus explica que a cesión que se está a punto de asinar é a relacionada coa rúa dos Alfereces, que era estrana en canto á titularidade, e foi moi conflitiva, e aí non hai problema porque xa teñen as luminarias dun lado, accedendo ao lado esquerdo. Di que sabe que existe unha reclamación, máis da zoa onde está o parque infantil, porque a zoa pública é moi restrinxida con respecto á zona privada. Explica que na zona privada ademais tiveron un problema porque cando se desconectaron as luminarias non fixeron cadro propio, engadindo que de mirará. Di a sra. Lemus que entende que o sr. Fernández se está referindo á parte de abaixo da praza.

O sr. Fernández di que si.

A sra. Lemus sinala que aí hai unha parte que está dividida entre pública e privada, hai unhas luminarias que son as que están en fronte á farmacia e un pouco máis adiante, como a vinte metros, as que son da propiedade da comunidade. Explica que houbo unha reunión e se lles explicou que era zona privada, e cando se fixo o cambio de luminarias se desconectaron, dándolles un prazo, e eles preferiron non facer un cadro propio. Sinala que coa cesión non se vai a ceder esa parte, polo que falará con eles, xa que se poderá incrementar a iluminación na zoa pública porén na privada non se pode colocar luminarias. Remata a sra. Lemus reiterando que falará con eles.

2.- O sr. Fernández sinala que nesa zoa tamén se demanda a posibilidade de facer, en torno a Foltra, prazas para residentes, porque teñen problemas para estacionar, engadindo que descoñece se se fixo algunha reclamación no concello, porén faláron diso.

3.- O sr. Fernández sinala que existe un problema cos carrís de servizo da estrada AC 841 que se están utilizando como carrís de aceleración. Sinala que sabe que é competencia autonómica, porén se podería insistir dende o Concello para que a Xunta tomara algún tipo de medida.

4.- O sr. Fernández refírese á casa común de Solláns e sinala que unha das queixas veciñais é o tema da accesibilidade, porque para a parte de arriba hai que subir polas escaleiras, e a parte de abaixo está ocupada e a xente non saben moi ben que pasa con ela e lles gustaría saber a posición do Concello. Explica que estes días unha persoa maior que non puido subir para realizar un curso ou unha actuación concreta para a que tiña que ir arriba. Di o sr. Fernández que quería deixar constancia desa queixa veciñal

Remata o sr. Fernández sinalando que, tratándose da parte de abaixo, algún día habería que falar do tema, xa que el tampouco non entende tampouco moi ben que pasa.

O sr. Iglesias explica que ese espazo habilitouse fai dous anos como casa común de Solláns, porque o concello non tiña ningún local propio en Solláns. Porén nalgún momento, de fai máis de 12 ou incluso 15 anos, hai unha asociación que a estaba utilizando, e acordouse manter ese uso que tradicionalmente tiñan alí, un pouco pola costume. Explica que a semana pasada se dou o problema de que unha nova usuaria do servizo de memoria non pode subir, engadindo que a idea é reunirse coa asociación para chegar a un acordo e que a clase de estimulación cognitiva sexa abaixo, pese a que abaixo tamén hai un escalón. Explica o sr. Iglesias que se trata de espazos moi antigos, e a esta persoa se lle plantexou poder asistir a outros espazos máis accesibles, como a casa común de Cacheiras, porén ela é de alí e lle apetece ir alí, polo que o que se vai a intentar e compatibilizar o uso da Asociación Cruceiro do Monte e a actividade de memoria

O sr. Fernández pregunta se é Cruceiro de Monte que ten o uso exclusivo da parte de abaixo.

O sr. Iglesia sinala que si e explica que na parte de arriba había un local de ensaio, que se demoleu, e na parte de abaixo está o local que está ocupado pola Asociación Cruceiro do Monte. Brenza ten unha oficina, pero non é ese o local que se utiliza para actividades, senón que o que se utiliza é o de Cruceiro de Montes, que é a asociación que o ten cedido, engadindo que hai un lateral, que é unha oficina pequena, que ten Brenza.

Explica o sr. Iglesias que na anterior lexislatura se lle pediu a Brenza que aportara a memoria e o proxecto de actividades para as anualidades 17-18 e 18-19, porén agora mesmo tería que mirar porque non sabe como está o tema, aínda que si que existiu un control sobre que a actividade de Brenza continuara.

Explica o sr. Iglesias que a que cesara foi unha asociación que tiña un grupo, Escordicio, se falou con eles, levaban anos sen actuar, recolleron as súas cousas e quedou libre e se reutilizou o espazo. Sinala que queda Brenza, que funciona, e xustificou con memorias que ten funcionamento, que pode ser máis ou menos

interesante segundo a óptica de cada un, pero existe, vindo ese uso dende o ano 2002 ou 2003. Conclúe o sr. Iglesias sinalando que a zoa grande, onde se vai a intentar compatibilizar, é a de Cruceiro de Monte.

O sr. Fernández pregunta se xa existe ese acordo para compatibilizar.

O sr. Iglesias sinala que está prevista a entrevista, porén parece que non haberá problema.

5.- O sr. Fernández sinala que no Parque de Vilar de Francos o acceso é un camiño de formigón que non ten ningunha medida de seguridade, por exemplo un pasamáns, e resulta realmente é perigoso.

O sr. Elías sinala que está pedido un orzamento ao ferreiro de Oza para colocar a baranda en todos os tramos, porque é perigoso, engadindo que xa non debeu quedar así, porén está así e si que é perigoso, porque o problema son as baixadas e subidas que son moi pronunciadas.

6.- O sr. Fernández sinala que na zoa de Bustelo, á altura do número 75, hai unha pista de terra que din que se quedou en adecentar un pouco porque da a catro parcelas e ademais da á casa. Pregunta o sr. Fernández como está o tema.

A sra. Lemus sinala que o alcalde falou con eles o outro día e se comprometeron a facela en primavera, botando seguramente unha capa de zahorra, engadindo que efectivamente levaba solicitado bastante tempo

7.- O sr. Fernández di que hai unha cuestión que lle preocupa dende fai tempo que é o tema do radón. Pregunta se se fixeron probas en todos os locais municipais e pide que, se non se fixeron, que se fagan, especialmente por exemplo na piscina.

O sr. alcalde explica que se estaba valorando a posibilidade de facer un estudo, engadindo que en todo caso onde realmente ten problemas o radón é nas paredes de pedra.

A sra. Lemus sinala que se acaba de asinar un convenio coa Universidade, co laboratorio de radón que teñen en medicina preventiva, entre a Universidade e o CHUS. Explica que lles interesaba facer un estudo piloto cun Concello que tivera incidencia en radón, e se vai a laevar a cabo facendo medicións para os veciños porque é verdade que lles falta información sobre o mapa de radón. Tendo en conta iso, tamén se vai a facer a medición de radón en locais municipais. Estase facendo un listado, porén hai moitos que non cumpren as condicións de que teñen que ser de pedra, ten que ser a planta baixa e o soto, ten que ser con problemas de aireación no soto, é dicir, teñen eles unha serie de indicadores previos. Salienta a sra. Lemus que se aproveitara que se está traballando con eles, que se acaba de asinar o convenio, para facer tamén o estudo dos locais municipais.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra refírese ao parque de Vilar de Calo e lembra que se sometera ao Pleno e arrancárase un compromiso de restablecelo. Pregunta o sr. Guerra que hai diso.

O sr. alcalde sinala que pouco cousa. Explica que é certo que se trouxo a Pleno, se falara de miralo, e se falara de se era mellor poñer uns banquitos e demais. O problema dos parques infantís é que para estar homologados é estar en condicións e demais trátase dun investimento grande. Sinala que todo o mundo quere un parque á beira, porén despois van en coche ao parque grande, porque os/as nenos/as están cos outros rapaces que están no cole, etc, tratándose dunha cuestión complicada.

Sinala o sr. alcalde que se volverá a dar unha volta, porén trátase dunha cuestión que incita a discutir e falar se realmente se debe poñer un parque en todos os lados.

O sr. Guerra sinala que non se trata dun parque novo, senón que xa existía un parque, se quitou e se plantou unha cerdeira, engadindo que xa se discutira cando estaba o sr. Noriega.

2.- O sr. Guerra di que os veciños de Oza lle preguntan cando se soterran os cables de Telefónica e de Fenosa e cando se lle poñen as farolas dende a casa de Mata ata a estrada de Ribas.

A sra. Lemus explica que as farolas estaban no Concello e caeu un raio nos Tilos, como o vinte e pico de decembro, cando xa estaba pechada a fábrica, e decidiuse utilizar esas farolas e poñelas nos Tilos, porque se estropearon quince. Aproveitáronse unhas cantas, faltan algunhas e lle dixeron que chegaban estes días, e en canto cheguen se colocaran.

Tratándose da canalización de Telefónica, sinala a sra. Lemus que o outro día tiveron unha reunión con eles, e se lle dixo que se podía baixar a canalización, e todo son boas palabras, e dixeron que o mirarían.

3.- O sr. Guerra sinala que a estrada de Rarís, en Casal de Reis, nº 38, baixando cara a Chao dos Río, está destrozada, como todas.

4.- O sr. Guerra di que un veciño de Pontevea, en Reis, lle comentou que detrás da caseta de Telefónica hai unha maleza grande.

5.- Sinala o sr. Guerra que lle dixo un veciño de Luou que no Cacharrón nº 61, ao terreo que cedeu para facer o peche, nunca máis se lle pasou a desbrozadora a ese espazo, de cen metros lineais aproximadamente, que é municipal.

6.- Refírese o sr. Guerra á pista de Cabo Vila a Reborido e sinala que está nun estado lamentable.

A sra. Lemus sinala que esa se ía aglomerar e de repente se advertiu polo arquitecto técnico que había unha solicitude de Fenosa para facer o soterrado, polo que se vai a esperar a que soterren e despois se fará o aglomerado.

7.- Sinala o sr. Guerra que os veciños de Cacheiras din que hai unha tapa de alcantarillado de ferro á que hai que poñerlle unha goma ou algo.

8.- O sr. Guerra di que despois da Pontenova de Pontevea, antes e despois da ponte, hai uns baches enormes.

9.- Di o sr. Guerra que hai unha piscina en Bamonde, na aldea das Quintas, a ver se se mira por el.

10.- Sinala o sr. Guerra que entre Feros e a Ribeira, 200 ou 300 metros lineais, están pedindo que se lle poña dúas ou tres farolas.

11.- Di o sr. Guerra que é a terceira vez que trae a Pleno o teleclub de Bamonde, no que hai que repoñer 7 ou 8 tellas.

12.- O concelleiro do PP, sr. Sánchez, pregunta se se pode dar oficialmente rematada a obra do Colector Espasande.

O sr. alcalde sinala que se fixo a entrega, porén esa obra cando se fixo o modificado, porque houbo que cambiar a condución para o outro lado, se fixo a coste cero, e iso determinou unha guerra prolongada cos construtores para chegar ese coste. Fora da obra se vai a pasar a retirar algún escombro, pequenos detalles de baixada aos muíños e algunhas cuestións que quedaran pendentas, poñéndose tamén unha indicación, ca idea de que a finais do mes que ven ou mediados de abril, se anuncie, aínda que a xente o está usando, debéndose tamén desbrozar un pouco.

12.- O sr. Sánchez pregunta se se lle podía dar unha cifra aproximada de custo do mural que se fixo no interior da ponte da autopista que pasa por Luou.

A sra. Otero di que non é un mural, é un festival que tivo lugar entre os Concellos de Ames, Compostela e Teo. Explica que houbo intervención de mural en Ames, en Teo e nalgún punto de Compostela e ademais houbo obradoiros e faladoiros durante a fin de semana. Explica que as rapazas que fixeron o traballo reuníronse primeiro coas asociacións da contorna e logo realizaron o traballo. Sinala que, aínda que non está segura, cree que a aportación que se fixo dende as dúas concelleiras foi de en torno a 2.500 €.

Pregunta o sr. Sanchez cal foi a razón obxectiva que levou a facelo alí.

A sra. Otero sinala que razón está entre as características técnicas que necesitaban as artistas e un pouco tamén a temática que tiña o festival, que tiña que ver co traballo das mulleres, querían vinculalo moito co territorio e alí estaban cerca unha asociación cultural de Luou e unha asociación de Solláns. Salienta que sobre todo cuestións técnicas, como o largo e alto da parede, e gracias a que estiveron alí dentro puideron traballar na época que estiveron.

O sr. Sánchez di que haberá que pensar algo para facelo ver, porque non se ve durante o día, e pola noite menos.

O sr. Iglesias di que estaba pendente de cambiarse toda a luminaria.

A sra. Otero di que xa se cambiaron.

O sr. Sánchez di que el segue sen vela.

13.- A concelleira do PP, sra. Nariño, sinala que como a moción non se levou a cabo, por defecto de forma, quería facer unha pregunta ao goberno con respecto a se tiñan

información, neste último mes e medio, da gran cantidade de roubos na parroquia de Cacheiras, en concreto en certos lugares.

O sr. alcalde sinala que el non diría unha gran cantidade, xa que o índice de roubos por número de habitantes en Teo é bastante reducido. Salia que a Garda Civil sempre valora que é un concello con pouca actividade delictiva, aínda que puntualmente se producen un gran número de roubos, resultando en todo caso evidente que aos que lles rouban pouco lles preocupa os que haxa ou deixe de haber. Sinala que a preocupación a teñen e moita, porén volveu a existir un repunte agora, supoñendo que co cambio de hora deixara de habelo, como acontece todos os anos, polo tanto é difícil de calibrar.

A sra. Lemus sinala que a pesar de todo dende o día 10 ou 11 de febreiro hai un reforzo en coordinación ca Garda Civil. Salia que peor foi en Ames que houbo seis roubos nun día, e sinala que lle explicaron que era frecuente que fagan como o “remate de tempada”, collen unha zoa e a machacan ata que cambia a hora e marchan.

Remata a sra. Lemus sinalando que a policía lle da unha importancia relativa, tendo en conta que son sempre as mesmas datas, aínda que están no tema.

14.- A sra. Nariño sinala que recibiron queixas de veciños en relación cos novos horarios das bibliotecas municipais, sobre todo a mediateca dos Grilo, xa que dende Navidade o horario de apertura é exclusivamente, de luns a venres, en horario de mañá, co cal as familias que queiran ir polas tardes non poden, e os nenos pola mañá están no colexio. Había ademais un día extraordinario, o Sábado pola mañá, e agora tampouco hai servizo de biblioteca. Sinala que viu no facebook que tamén hai problemas de persoal e parece ser que xoves e venres tampouco se vai a abrir a mediateca do Grilo

O sr. alcalde explica que o que aconteceu é que o auxiliar de biblioteca sacou a praza de bibliotecario, engadindo que se esa praza a quita unha persoa de fora non habería

ese problema, polo que houbo que cubrir con urxencia a praza de auxiliar de biblioteca, proceso que cree que está rematando.

O sr. Iglesias explica que se reúne o tribunal a semana que ven. Rematou o prazo de presentación de instancias, saíu a lista provisional, abriuse o prazo de reclamación e sairá proximamente a lista definitiva. Os prazos son lentos e calcúlase que sobre abril e maio haberá novo/a auxiliar.

A sra. Nariño sinala que é un proceso de tempo bastante prolongado e merma moito a o servizo.

15.- A concelleira do PP, sra. Calvo, di que a asociación de veciños dos Tilos dirixiuse ao grupo municipal do PP para manifestar as súas queixas e peticións que, entre outras, son:

.- Solicitan regular a velocidade de toda a urbanización, máis en concreto nas rúas Castiñeira e Carballo, mediante medidas como poden ser bandas ou presenza policial. Habería que estudalo porque ao parecer pouca xente, entre elas o bus, respecta os límites de velocidade.

- Tamén piden reforzar o alumeado, xa que dende que se cambiaron as novas luminarias é moi deficiente, e o fai máis susceptible da problemática dos roubos. Solicitan algunha solución.

- Manifestan que o estado do firme da rúa e dos bordillos é bastante lamentable, porén fanse obras que ninguén pide nin consulta nin coa asociación nin cos veciños, como a que se está facendo ao lado da piscina

Sinala a sra. Calvo que os veciños dos Tilos piden sobre todo comunicación por parte do Concello, e coordinación, que considera que é fundamental.

A sra. Lemus di que se mirará o do firme e dos bordillos, engadindo que se fixo algún rebacheado. Sinala que sobre a velocidade hai previsto a mellora da accesibilidade, unha licitación que está rematando, que prevé pasos de peóns sobreelevados, entre outros sitios, nos Tilos.

Sinala que, tratándose do alumeado, hai varias puntos, sobre todo na zoa dos chalets, na parte de abaixo, cando acaba a rúa Carballo, onde hai unha parcela que ao non estar edificada non tiña punto de luz, e se nota moito máis, e tamén se vai a colocar outro punto de luz nas escaleiras que baixan á marquesina de abaixo de todo e se vai a intentar iluminar un pouco mellor na zona que vai entre a Igrexa dos Tilos ata o pabellón, sobre todo para os nenos da asociación, que parece ser que aí falta algo de luz. Sinala que lembra que eses son os temas que lle dixeron os veciños.

A sra. Calvo interésase sobre estimación de tempo.

A sra. Lemus responde que están pedidas, que non sabe.

A sra. Calvo pregunta polas bandas.

A sra. Lemus dille que cree que xa están licitadas, e que deben estar a punto de asinar contrato, aínda que mañá llo confirma.

Pregunta a sra. Calvo polo firme.

A sra. Lemus di que o mirará, porque aínda que hai baches, non se da conta de que exista un problema ao efecto. Lembra que o problema principal era a rúa Castiñeiro, que se levantou o ano pasado e se fresou.

A sra. Calvo di que hai baches en case todos os Tilos, bastando con dar unha volta.

O sr. Moñino que habería que comparalo co resto do concello.

A sra. Lemus di que se revisará e se lle dará unha volta aos bordillos.

A sra. Calvo di que non se trata de comparar, engadindo que sobre todo o que piden é coordinación cos veciños para ver as necesidade reais.

16.- A concelleira do PP, sra. Rosende, di que se puxeron en contacto con eles veciños do lugar Feros para transmitirille algunhas peticións.

Sinala que teñen un problema gravísimo co intensivo tráfico de camións e vehículos pesados que pasan por medio da aldea en dirección a instalación dunha empresa sita no fondo da aldea. Esta empresa ten tres acceso posibles a súa nave, pero utilizan os tres con frecuencia. O acceso pasa polo medio da aldea e é moi perigoso, por estreito e por non estar acondicionada para ese tipo de vehículos. Os veciño, cando están camiñando, teñen que facer piruetas para esquivalos, e así houbo algún atropelo de mascosta, concretamente un can que faleceu, unha señora que caeu un par de veces á cuneta e incluso un coche accidentado que estaba para entrar no garaxe e viu o camiión e o levou por diante.

Os veciños reclaman unha sinal na entrada e na saída da aldea que prohiba o tránsito dos vehículos pesados, e o asfaltado dos accesos. A sra. Rosende unhas fotos sinalando que é lamentable.

O sr. Moñino di que a aldea está impecable.

A sra. Rosende di que o que segue da aldea, e hai unhas casas alí arriba que teñen un trozo de pista e piden que se asfalta ata baixo.

O sr. Moñino di que non é para falar de toda a aldea.

A sra. Rosende explica que piden tamén uns puntos de luz, saíndo desa aldea, cara a nave, porque está escuro e é un camiño moi transitado, e un espello na entrada, non na da residencia, senón na outra, para poder ver os coches, porque teñen unha visibilidade nula.

17.- A sra. Rosende di que veciños de Procelas e Noenlles tamén se puxeron en contacto con eles para mostrarlle o seu descontento. Tiñan unha pista que comunicaba

as dúas aldeas, onde se fixo a rede de abastecemento de auga, botóuselle terra por enriba e así segue. O camiño aquel está que non se da pasado cun coche.

A sra. Rosende sinala que tanto a sra. Lemus como o sr. Moñino falaron con eles e lles dixeron que ían a arranxar o problema.

A sra. Lemus e o sr. Moñino sinalan que non se dan conta da ubicación.

Aclara a sra. Rosende que é a estrada que vai a dar a Noenlles, engadindo que aquilo está tapado con terra e non se rematou.

O sr. Moñino di que iso é de augas.

A sra. Rosende sinala que en todo caso o xestiona o Concello e xa leva máis dun ano.

O sr. alcalde sinala que entón bastante aguante tiveron, engadindo que a el non lle chegou.

A sra. Rosende di que eles lles chaman para poñer de manifesto o seu descontento, porque as queixas xa as deron.

O sr. alcalde di que mirarán que pasou.

A sra. Rosende sinala que tamén queren saber cando se van a mover as farolas que quedaron moi metidas dentro da beiravía, co conseguente risco de peóns e vehículos. Sinala que alí xa foron a amañar un poste, que un coche bateu con el, ademais que dificulta o paso de cadeiras de rodas e carritos de nenos se queren ir por alí paseando.

18.- A sra. Rosende refírese aos veciños do Sisto e ao problema que hai na estrada do Gadis. Sinala que un dos veciños veu ao Concello a falar diso e se lle diso que se íría a mirar. Salienta que viñeron varias veces e iso segue igual. Explica a sra. Rosende que o señor da parte de arriba vai con seis veces que lle tiran o muro e o da parte de abaixo

cinco. Salia que o problema é que existe unha curva moi perigosa e non se respectan os límites de velocidade.

O sr. alcalde sinala que por esa estrada poden queixarse de que hai baches, porén se alguén se empotra contra algún sitio, que vaia máis a modo, xa que se a xente se queixa dos baches pode ser asumible, porén se se empotra ten que respectar o límite de velocidade.

A sra. Rosende di que sabe que é responsabilidade da xente porén haberá que tomar medidas porque lle vai aos bolsillos do veciños/as.

Considera a sra. Rosende que haberá que poñer un límite de velocidade, unha bandas sonoras, ou o que sexa, correspondéndolle ao goberno buscar solucións.

19.- A sra. Rosende refírese ao arranxo do lavadoiro do Sisto, sinalando que quedou sen a barandilla que tiña e hai moita altura.

O sr. Elías sinala que está pedida.

20.- Pregunta a sra. Rosende que pasou co parque do cemiterio, porque non se sabe porque se quitou e se se vai a repoñer.

O sr. Elías di que se quitou porque non cumpría e unha vez preguntado parece que no cemiterio hai unha petición dun tanatorio polo que non era posible facelo de momento, e o que había non valía, porque non cumpría ningún dos elementos. De momento alí ata que se saiba en urbanismo o que se vai a facer a zona non está previsto facer nada.

A sra. Rosende sinala que as veces hai que molestarse un pouco en informar aos veciños.

O sr. Elías di que era perigoso, engadindo que era mellor quitalo.

21.- A sra. Rosende sinala que unha veciña lle chamou para ver se no lugar do Sebe, onde o Centro médico, se podía cambiar a luminaria, porque está fundida.

22.- O sr. Guerra sinala que dende o centro médico están pedindo reiteradamente que se lle repoñan as cortinillas, un toldo e a fiestra da médica que mete auga para dentro.

23.- O sr. Sánchez sinala que onde a casa común de Lampai un camión tirou un poste, hai dous meses, e lle pregúntanse hai arranxo.

A sra. Lemus di que é un poste de Fenosa, que tiña unha luminaria. Esta quitouse aos tres días, e tratándose do poste se lle reiterou varias veces a Fenosa, a última onte mesmo, que o tiñan que retirar,

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz